



---

## ***O portugués Luis Pereira gaña en San Huberto e Pedro Ramos en Rastro de Xabaril no III Trofeo Internacional Cidade de Ferrol***

---

Os pasados días 2 e 3 de agosto celebrábase a terceira edición do Trofeo Internacional Cidade de Ferrol "III Memorial José Antonio Salgueiro e I Memorial Antonio Conde Dacosta" que acollía no Tecor da Sociedade de Caza Urogallo varias probas cinexéticas entre as que se atopaban dúas puntuables para a Copa Federación: unha de San Huberto e outra de Rastro de Xabaril.

Na proba de San Huberto, disputada nos Montes de Brión, foi o portugués Luis Pereira con "Rik de Beira Litoral" (SIM) quen se alzou ca victoria. Segunda clasificada era a galega Cristina Sanmartín con "Ja da Chousa" (PH), que polo tanto acadaba a máxima puntuación no relativo á Copa Federación. O terceiro posto era para Edelmiro Leira con "Oli da Chousa" (PM).

Na proba de Rastro de Xabaril o gañador era Pedro Ramos con "Falco", rematando no segundo posto Cándido Picón con "Contón" e terceiro José Pereira con "Oirán".



### **Gabinete de Comunicación**

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)